

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE XERMADE  
CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS, LINGUA CASTELÁ,  
CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, VALORES SOCIAIS E  
CÍVICOS E EDUCACIÓN PLÁSTICA.  
DATA: 12 de maio de 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso).**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe Lingua e literatura galega.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.
	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.

B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.
	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

<b>1. Estándares de aprendizaxe Matemáticas.</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.

B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.
	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

### 1. Estándares de aprendizaxe lingua e literatura castelá.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2. 3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto.
	LCB2.3.4. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e cuidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....
	LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
	LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza:

	evitando riscos, inclinación de liñas etc.
B3.5. Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuizos.	LCB3.5.1. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas.
B3.7. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.	LCB3.7.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.
B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

### 1. Estándares de aprendizaxe Ciencias da Natureza.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.

	CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.

### 1. Estándares de aprendizaxe Ciencias Sociais.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3.Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CSB1.3.1.Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
B2.2.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e	CSB2 2.1.Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.

na contorna próxima.	
B2.4. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
B2.5. Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima.	CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.
B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.	CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.

### 1. Estándares de aprendizaxe Valores Sociais Cívicos

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.	VSCB1.1.2. Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.
B1.3. Estructurar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando	VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.



coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	
B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas.
	VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.
B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.

### 1. Estándares de aprendizaxe Educación Plástica.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.
B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
	EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
	EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Como procedementos empregaremos a análise das producións dos alumnos e alumnas e a observación sistemática.
	Como instrumentos de avaliación usaremos as producións escritas e plásticas dos nenos e nenas e unha lista de control.
<b>Cualificación final</b>	Tendo en conta a situación actual, a dificultade de manter unha comunicación fluída co alumnado, as diferencias e dificultades para acceder as canles de comunicación establecidos optamos por facer unha ponderación do 1º e 2º trimestre cun 40% e un 60% respectivamente.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Durante esta 3º avaliación plantexaremos o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- <b>Actividades a nivel de aula:</b> actividades de repaso e reforzo dos contidos xa traballados, nas avaliacións anteriores. Para iso, semanalmente subimos as tarefas a realizar. Esas actividades contemplan contidos que consideramos imprescindibles no cursos de 3º e 4º de EP (lectura diaria, comprensión oral e escrita, expresión escrita, numeración, cálculo e resolución de problemas).</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Propúxose levar a cabo tarefas semanais con actividades nas que só fora preciso contar con acceso á rede, posto que moitas das familias non contan con material tecnolóxico como pode ser un ordenador ou unha impresora e moitas delas acceden á información a través do teléfono móbil. Por este motivo, para realizar as tarefas plantexadas só é necesario dispoñer de materiais de presenza habitual nas vivendas (folios, cadernos, lapis, goma, cores, pegamento, tesoiras, revistas ou xornais...) na maioría dos casos.</p> <p>Para o alumnado que non dispón de acceso á rede contamos con axudas externas (o concello), grazas ás cales se lles ofreceu a posibilidade ás familias de que lles achegaran os materiais ás súas casas para que puideran desenvolver as tarefas plantexadas semanalmente para garantir así que a educación sexa o máis igualitaria e equitativa posible.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os recursos e os materiais que estamos empregando son as tarefas semanais, diferentes enlaces, retos, contos, cancións, documentos en .pdf con diferentes lecturas e operacións de cálculo.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para contactar coas familias empregamos diferentes medios ademais da páxina web onde subimos as tarefas semanais e as que se realizan a nivel de centro, puxemos a disposición das familias o correo electrónico para poder consultar calquera dúbida e mandar algún traballo que realizan os nenos e nenas. E en casos excepcionais mediante chamadas telefónicas.
<b>Publicidade</b>	Publicarase na páxina web do CEIP Plurilingüe de Xermade.